

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 6

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

Carlos Mollinedo (CIG)- Escusa ausencia

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Alberte Pivida Rodrigo (CIG)


César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Angel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:00h, do 11 de outubro de 2018 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Ampliación das seguintes listas de agarda:
 - a. Técnico Especialista en Química
 - b. Técnico Especialista de Transporte e Distribución
 - c. Auxiliar Técnico de Servizos Xerais



Comeza a Xerenta dicindo que na presente reunión tentarán de chegar a acordos sobre as tres listas de agarda da convocatoria que son as que máis urxencia requirían.

O presidente do CEO aclara que nunha das últimas reunións co anterior equipo xerencial tiña comentado que ademais destas listas hai outras esgotadas ou que non existen, e cre que hai que facer revisións en todas. Propón unha revisión conxunta das listas e simplificar os procedementos, onde debería haber un documento base e só discutir sobre o temario.

A presidenta do CEP di que está de acordo con Luis Pérez pero cre que tamén hai que ir convocando procesos selectivos e sobre iso, ter unha lista de agarda.

A Xerenta está de acordo con ter unhas bases xerais e variar unicamente aqueles aspectos que sexan diferentes (requisitos, temarios, probas...)

O Vicexerente de Recursos Humanos insiste en que segundo as actas das últimas convocatorias parece que as tres listas propostas son as máis urxentes. Destaca tamén que é intención da xerencia convocar os procesos selectivos para persoal con carácter definitivo que están pendentes.

1. Listas de agarda de Técnico Especialista en Química

A presidenta do CEPO di que na Base Terceira da convocatoria de TE en Química a proba consistirá en 60 preguntas ao igual que na convocatoria de ATSX, mentres que na de TE en Transporte e Distribución a proba consiste en 70 preguntas. Pide igualar as propostas.

A Xerenta di que non habería problema para igualar as probas para que sexa homoxéneo entre grupos.

O Vicexerente de Recursos Humanos propón que sexan 60 preguntas para o Grupo IV e 70 para o grupo III, chegándose a un acordo neste punto.

2. Listas de agarda de Técnico Especialista de Transporte e Distribución

A Presidenta do CEPO en canto ao temario cre que o *Tema 16. Principios xerais das políticas públicas para a igualdade. Igualdade no ámbito universitario. O principio de igualdade no emprego público*, considera que é un tema que se pode suprimir.

O Presidente do CEO cre que debería figurar en todos os procesos.

A Xerenta está de acordo con quitalo pero só para as listas de agarda porque tampouco hai ningún outro tema transversal, sen embargo entende que nos procesos selectivos é obrigatorio que figure no temario. Quédase en que se elimina só para as listas.

3. Listas de agarda de Auxiliar Técnico de Servizos Xerais

A Presidenta do CEPO di que o temario lle parece excesivo. A proposta do CEPO era máis sinxela e axeitada ao traballo realizado cada día. Continúa dicindo que as funcións dun ATSX son atención ao público, fontanería, electricidade.. pero traballos sinxelos. Ao seu criterio, os

temas que se propoñen de electricidade, calefacción, fontanería... son temas de construción máis propios da unidade técnica e que un ATSX non é necesario que saiba. Solicita tamén que se corrixa o RD 1942/1993 do 5 de novembro xa que foi derogado polo RD 513/2017.

Alberte Pivida cre que o problema é que non hai un temario nada acotado.

O Vicexerente de Recursos Humanos indica que a proposta feita polo CEPO tampouco é demasiado concreto. Pide que se concreten os epígrafes.

A Xerenta cre que podería haber unha proba práctica. Solicita que se faga unha proposta máis concreta e se envíe.

A Presidenta do CEPO indica que nas tres probas se fala de mulleres embarazadas pero debe lembrarse aos tribunais que cando concorran persoas con discapacidade debe haber tempo e medios axeitados.

Federico Fernández intervén dicindo que hai que unificar redaccións nas tres convocatorias como por exemplo a titulación requirida, etc. No que se refire á *Base primeira 2.g) Presentar certificado da DGT conforme está apto para conducir na data de presentación da solicitude (sen carga de puntos)* solicita que se modifique ese parágrafo.

A Xerenta di que se solicitará ter o permiso de conducir en vigor e se quitará a frase “sen carga de puntos”.

Federico Fernández pregunta se no modelo de solicitude cabería a posibilidade de anotarse nun só campus.

O Xefe do Servizo de Pas contesta que non é posible.

A Xerenta presenta a cuestión de que unha persoa con discapacidade poida elixir un campus para traballar sempre que a súa discapacidade o xustifique. Formúlanse polos comités diversas cuestións, polo que se estudiará máis polo miúdo esta posibilidade.

Alberte Pivida di que debería ser preceptivo unha proba práctica, que o opositor debe saber de antemán se vai ter unha proba práctica de conducir ou non.

A Xerenta mostra a súa conformidade e engade que se redactará mellor e que o día que se publique a data da proba se concretará como será o exame.

O Presidente do CEO indica a posibilidade de facer unha consulta á Area de Igualdade de Oportunidades para concretar o tema que se esixe na convocatoria.

A Xerenta di que para procesos selectivos é un tema obrigatorio pero para listas de agarda vai facer unha consulta a ver que consideran importante.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:45h

